



Procedemento de selección, mediante o sistema de concurso oposición, para a contratación dun/ha traballador/a social (funcionario/a interino/a) e posterior formación dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de traballo de traballador/a social para a área de acción social do Concello de Vimianzo. Exp.2021/E001/000010.

Fase de oposición, primeiro exercicio obrigatorio e eliminatorio

Data: 27 de outubro de 2021

1.- De acordo co establecido no artigo 22.f) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. As relacións de postos de traballo reservarán necesariamente ao persoal funcionario:

- a) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.
- b) Os postos correspondentes a áreas de actividade que requiran coñecementos técnicos especializados.
- c) Os postos que impliquen asesoramento vinculado ao desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación respecto de a autoridade da que dependen.
- d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de execución de sancións.

2.- O artigo 23 da Constitución Española establece que os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos:

- a) A través de representantes sindicais.
- b) Directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.
- c) Sempre por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.
- d) A través de representantes políticos.

3.- O artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que as infraccións prescribirán:

- a) No prazo que establezan as leis e se estas non fixan prazos de prescrición, as moi graves aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
- b) As moi graves aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
- c) As moi graves aos cinco anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.



d) No prazo que establezan as leis e se estas non fixan prazos de prescrición, as moi graves aos cinco anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

4.- De conformidade co establecido no artigo 36 a) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o Valedor do Pobo incluirá, no seu informe presentado anualmente ante o Parlamento de Galicia:

a) Os criterios interpretativos respecto as consultas que, con carácter facultativo, lle sexan formuladas polos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da lei.

b) As resolucións que ditase en materia de transparencia.

c) As resolucións que ditase en materia de publicidade activa.

d) Os criterios interpretativos e as recomendacións que formulase durante ese ano.

5.- Indique a resposta correcta de acordo co establecido no artigo 65.1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais en relación coa admisión a trámite das reclamacións:

a) Cando se presentase ante a autoridade de control principal competente unha reclamación, esta deberá avaliar a súa admisibilidade a trámite.

b) Cando se presentase ante a Axencia Española de Protección de Datos unha reclamación, esta deberá avaliar a súa admisibilidade a trámite.

c) A decisión sobre a admisión ou inadmisión a trámite dunha reclamación, deberá notificarse ao reclamante no prazo dun mes.

d) A decisión sobre a admisión ou inadmisión a trámite dunha reclamación, deberá notificarse á Axencia Española de Protección de Datos ou autoridade de control principal que se estime competente no prazo dun mes.

6.- Segundo o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando un interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa:

a) Practicarase a notificación a través da correspondente publicación no Boletín Oficial do Estado.

b) Practicarase a notificación a través da correspondente publicación no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma.

c) Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio, dando por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento.



d) Practicarase a notificación a través da publicación no Boletín Oficial da Provincia e dun anuncio no taboleiro de anuncios do Concello.

7.- Indique a resposta correcta de acordo co establecido no artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- a) O tratamento dos datos dos menores de catorce anos, fundado no consentimento, só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela.
- b) O tratamento dos datos persoais dos menores de catorce anos, poderá fundarse soamente no seu consentimento se con iso se protexese a seguridade xurídica do menor.
- c) O tratamento dos datos dos menores de dezaioito anos, fundado no consentimento, só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela, co alcance que determinen os titulares da patria potestade ou tutela.
- d) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade nunca poderá fundarse soamente no seu consentimento.

8.- O artigo 140 da Constitución Española establece que esta garante:

- a) A autonomía dos municipios, mancomunidades e comarcas.
- b) A autonomía dos municipios e áreas metropolitanas.
- c) A autonomía dos municipios.
- d) A autonomía dos municipios e parroquias.

9.- De conformidade co establecido no artigo 33.a) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a presidencia da Comisión de Transparencia corresponde a:

- a) O/a presidente/a do Consello de Transparencia e Bo goberno.
- b) O/a presidente/a do Consello Consultivo de Galicia.
- c) O Valedor ou Valedora do Pobo.
- d) O/a presidente/a da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.



10.- Indique a resposta incorrecta. De acordo co establecido no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, no ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) O estudiantado universitario para os trámites e actuacións que realicen motivados pola súa condición académica.
- b) Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- c) As persoas que representen aos suxeitos contemplados nas letras a) e b).
- d) Os pensionistas.

11.- O Baremo de Valoración da Dependencia (BVD) establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, aprobado polo Real Decreto 174/2011, do 11 de febreiro, é un instrumento de valoración da situación de dependencia que:

- a) Ten en conta os informes existentes relativos á saúde da persoa e á contorna en que se desenvolve, e inclúe instrucións de aplicación, un protocolo cos procedementos e técnicas a seguir, e a determinación dos intervalos de puntuación que corresponden a cada un dos graos de dependencia.
- b) Aplícase tendo en conta os informes relativos á contorna no que se desenvolve, con independencia dos informes existentes relativos á saúde da persoa por tratarse dun protocolo específico e obxectivo de valoración.
- c) Ten en conta unicamente os informes existentes relativos á saúde da persoa, e inclúe instrucións de aplicación, un protocolo cos procedementos e técnicas a seguir, e a determinación dos intervalos de puntuación que corresponden a cada un dos graos de dependencia.
- d) Inclúe instrucións de aplicación, un protocolo cos procedementos e técnicas a seguir, e a determinación dos intervalos de puntuación que corresponden a cada un dos graos de dependencia, con independencia dos informes relativos á saúde da persoa e á contorna no que se desenvolve.

12.- Para a constitución da adopción, non debe ser oído:

- a) O titor e o guardador ou guardadores.
- b) O adoptado maior de 12 anos.



c) A familia acolledora, no seu caso.

d) Os proxenitores non privados da patria potestade, cando a súa asentimiento non fose necesario.

13.- O termo minusvalía na actualidade:

a) É correcto por estar recollido na redacción orixinal do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

b) Segundo a Real Academia Española defínese como “discapacidade física ou mental de alguén por lesión congénita ou adquirida” e a súa utilización é equivalente ao de discapacidade no ámbito de aplicación do Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

c) É un termo de utilización maioritaria por parte da sociedade.

d) En consonancia co establecido na disposición adicional oitava da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e na nova clasificación da Organización Mundial da Saúde, «Clasificación Internacional de Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde» (CIF-2001), dita terminoloxía foi actualizada substituíndose por discapacidade.

14.- Segundo a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a integración do principio de igualdade na interpretación e aplicación das normas constitúe:

a) Un principio informador do ordenamento xurídico.

b) Un principio orientador do ordenamento xurídico.

c) Un principio integrador do ordenamento xurídico.

d) Un principio orientador e transversal do ordenamento xurídico.

15.- O recoñecemento do dereito e o abono efectivo da renda de integración social de Galicia (RISGA) para as mulleres que sufran violencia de xénero e que cumpran todos os requisitos, efectuarase no prazo de:

a) Máximo dun mes.

b) Mínimo dun mes.

c) Quince días desde a presentación da correspondente solicitude.



d) Máximo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte á presentación da solicitude.

16.- Segundo o artigo 47 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, as axudas de inclusión social:

a) Son prestacións económicas periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social, así como atender situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.

b) Están destinadas a sufragar gastos ordinarios e, no seu caso, a financiar as actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

c) Con carácter xeral só poderá concederse unha axuda de inclusión social do mesmo tipo por ano. Regulamentariamente estableceranse os supostos nos que, por razóns de grave necesidade, pódase exceptuar esta disposición, así como os criterios de complementariedade dos diferentes tipos de axudas.

d) Todas as respostas son correctas.

17.- O acceso aos Servizos de Saúde Mental para a valoración e diagnóstico en primeira instancia, se leva a cabo por derivación:

a) Desde os Servizos Sanitarios de Atención Primaria.

b) Desde os Servizos Específicos de Rehabilitación Psicosocial.

c) Desde os Servizos Sociais Comunitarios por petición da familia.

d) Exclusivamente por petición directa da persoa usuaria e/ou a súa familia.

18.- Segundo o art. 41 da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a prevención, apreciación e intervención nas situacións de risco en que poidan atoparse os e as menores, así como a colaboración no seguimento das medidas de protección adoptadas pola Xunta de Galicia, corresponde a:

a) Os municipios.

b) Os Servizos territoriais.

c) As deputacións provinciais.

d) Os Equipos de Inclusión.



19.- Segundo o artigo 31 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, as resolucións denegatorias por non atoparse nunha situación de dependencia ao non conseguir o solicitante ningún dos graos establecidos na Lei 39/2006, do 14 de decembro, levará consigo:

- a) A limitación temporal de dous anos para formular unha nova solicitude salvo que, con anterioridade ao devandito período, acredite debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que o seu grao de autonomía persoal ou a súa situación da contorna habitual variou.
- b) A limitación temporal de tres anos para formular unha nova solicitude salvo que, con anterioridade ao devandito período, acredite debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que o seu grao de autonomía persoal ou a súa situación da contorna habitual variou.
- c) A limitación temporal de catro anos para formular unha nova solicitude salvo que, con anterioridade ao devandito período, acredite debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que o seu grao de autonomía persoal ou a súa situación da contorna habitual variou.
- d) A limitación temporal de cinco anos para formular unha nova solicitude salvo que, con anterioridade ao devandito período, acredite debidamente un erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que o seu grao de autonomía persoal ou a súa situación da contorna habitual variou.

20.- Segundo a Lei Orgánica do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, quen pode exercitar ante os tribunais a acción e rectificación da publicidade ilícita por utilizar de forma vexatoria a imaxe da muller?:

- a) O Ministerio Fiscal e as Asociacións que teñan como obxectivo único a defensa dos intereses da muller.
- b) A Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller.
- c) O Instituto da Muller ou órgano equivalente de cada Comunidade Autónoma.
- d) Todas as anteriores están lexitimadas para facelo.

21.- A determinación da situación de dependencia, mediante a aplicación do Baremo de Valoración da Dependencia (BVD), servirá tamén:

- a) Para o goce de calquera beneficio, servizo ou axuda establecidos por calquera Administración pública ou entidade nos casos en que sexa necesaria a acreditación de axuda de terceira persoa.



b) Para o goce de calquera beneficio, servizo ou axuda establecidos por calquera Administración pública ou entidade nos casos en que sexa necesaria acreditar un grao de discapacidade superior ou igual ao 33%.

c) Para o goce de calquera beneficio, servizo ou axuda establecidos por calquera Administración pública ou entidade nos casos en que sexa necesario o recoñecemento das prestacións non contributivas da Seguridade Social.

d) Unicamente serve para efectuar o recoñecemento oficial da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

22.- Segundo o artigo 14 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, as prestacións de atención á dependencia:

a) Terán natureza de servizos e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

b) Terán natureza de prestacións económicas e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

c) Poderán ter a natureza de servizos e de prestacións económicas e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

d) Terán natureza de subvencións e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

23.- Segundo o artigo 17.2 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, non se considerarán recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia:

a) Os bens patrimoniais, os depósitos bancarios e as contas correntes ou de aforro.

b) Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía dedúzase que só remuneran os gastos de asistencia ou incentivan a formación.

c) Os rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugueres e rendementos de patrimonio. d) Todos os anteriores exclúense para os efectos do cómputo de recursos económicos.



24.- Das Fases de Asistencia ás vítimas, cal das seguintes actuacións corresponde á fase de intervención?:

- a) Levar a cabo o procedemento por medio do cal a vítima poida exercer os seus dereitos no caso de que resida fóse de España.
- b) Posibilidade de solicitar medidas de protección e, no seu caso, procedemento para facelo cando se trate de vítimas de violencia de xénero e doméstica.
- c) A proposta das medidas de protección ás vítimas, especialmente das máis vulnerables, con especial atención aos menores e ás persoas con discapacidade necesitadas de especial protección, e o seguimento da súa execución.
- d) Dereito a facilitar ao Xuíz ou Tribunal calquera información que resulte relevante para resolver sobre a execución da pena imposta, as responsabilidades civís derivadas do delito ou o comiso que fose acordado.

25.- O órgano de valoración e asesoramento de discapacidade formulará ditame técnico-facultativo de acordo cos criterios e baremos previstos na normativa de aplicación e conforme aos modelos normalizados, debendo conter, entre outros, a seguinte información:

- a) Deficiencias, diagnósticos e etioloxías.
- b) Resultado da combinación das porcentaxes obtidas por deficiencias de distintos aparellos ou sistemas.
- c) Prazo de validez do ditame.
- d) Todas as respostas son correctas.

26.- Como se constitúe a garda con fins de adopción?:

- a) Por resolución administrativa.
- b) Por resolución xudicial ao ser un paso previo á constitución da adopción.
- c) Mediante contrato de acollemento preadoptivo cos futuros adoptantes.
- d) Por resolución xudicial no momento da suspensión de visitas coa familia biolóxica.

27.- A efectos da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, expresado na seu artigo 37, enténdese por infancia o período de vida das persoas comprendido:

- a) Desde o nacemento ata os 12 anos de idade.
- b) Desde o nacemento ata os 16 anos de idade.



- c) Desde o nacemento ata os 18 anos de idade.
- d) Desde o nacemento ata os 6 anos de idade.

28.- É obxecto do decreto 99/201, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento:

- a) o desenvolvemento de proxectos complementarios de servizos sociais comunitarios
- b) regular as regras para o establecemento da participación económica das persoas usuarias de servizos de carácter básico e doutros servizos susceptibles de incorporar un sistema de copagamento.
- c) garantir a igualdade de oportunidades no acceso ó sistema galego de servizos sociais
- d) a regulación, como servizo público, dos contidos, estrutura, réxime xurídico e financiamento dos servizos sociais comunitarios como parte fundamental do sistema galego de servizos sociais

29.- Segundo o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento son deberes das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios, entre outros:

- a) todas son certas
- b) comunicar con 10 días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
- c) manter una actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- d) respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

30.- Segundo o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, é función dos servizos sociais comunitarios básicos, entre outras:

- a) facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
- b) a atención das situación individuais e familiares, a información en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente xestión do caso, que incluirá, cando sexa conveniente, a derivación cara ao recurso



idóneo dentro do sistema galego de servizos sociais ou doutros sistemas de benestar, así como a asistencia, a orientación e, se é preciso, o acompañamento, no procedemento de acceso normalizado a outros recursos existentes

c) garantir o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

d) todas son correctas

31.- Cales son os concellos que forman parte do servizo de Atención temprana da Costa da Morte?

a) Dumbría, Camariñas, Fisterra, Cee, Vimianzo, Muxía, Zas e Corcubión

b) Dumbría, Camariñas, Fisterra, Cee, Vimianzo, Muxía, Zas, Corcubión e Laxe

c) Todos os pertencentes á Comarca de Soneira, Fisterra e Xallas

d) Dumbría, Camariñas, Carnota, Cee, Vimianzo, Corcubión, Muxía, Fisterra, Mazaricos e Zas.

32.- Segundo o artigo 15 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, é unha función dos servizos sociais especializados:

a) Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e desenvolver medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias.

b) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco.

c) O desenvolvemento de programas e a xestión de centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares.

d) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.

33.- Non é unha función dun servizo social comunitario básico recollida no artigo 11 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (sinale a incorrecta):

a) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación.

b) A información, orientación e asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.



c) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.

d) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolve a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.

34.- Segundo o artigo 31 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, o prazo máximo polo que se aboará o tramo de transición ao emprego será de:

a) Seis meses.

b) Doce meses.

c) Nove meses.

d) Dezaioito meses.

35.- En España, o primeiro código de ética que se publicou para diplomados en traballo social e asistentes sociais foi elaborado en 1989 por:

a) Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Aragón.

b) Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais do País Vasco.

c) Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Cataluña.

d) Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Murcia.

36.- Sinala cal é un principio básico recollido no código deontolóxico do traballo social:

a) Dignidade.

b) Xustiza social universal.

c) Solidariedade interxeneracional.

d) Recoñecemento de dereitos humanos e sociais.

37.- De acordo co establecido no Código deontolóxico do traballo social, nos casos de expedientes disciplinarios seguidos por presuntas vulneracións do Código Deontolóxico, a ditame das Comisións Deontolóxicas será:

a) Potestativo e vinculante.

b) Preceptivo e non vinculante.

c) Potestativo e non vinculante.

d) Preceptivo e vinculante.

38.- A cooperación interadministrativa que representa o Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais instrumentalízase mediante:

a) Unha Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.



b) Un Decreto da Xunta de Galicia.

c) Un Convenio-Programa subscrito entre a Administración do Estado e as corporacións locais.

d) Un Convenio-Programa subscrito entre a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas.

39.- Segundo o artigo 59 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a autorización e acreditación de centros, servizos e programas sociais é una competencia:

a) Das deputacións provinciais.

b) Da Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais.

c) Das corporacións locais.

d) Da Xunta de Galicia.

40.- Segundo o establecido no artigo 34 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, en que equipa profesional de servizos sociais comunitarios básicos deberá asegurarse a presenza de a lo menos unha persoa titulada superior ou en posesión do grao universitario en Psicoloxía, Socioloxía ou materia relacionada cos programas desenvolvidos polos servizos sociais comunitarios:

a) Nas Unidades de traballo social (UTS).

b) Nas Unidades de traballo e educación social (UTES).

c) Nas Unidades interdisciplinares de intervención social (UNIS).

d) Nas Unidades de traballo social (UTS) e nas Unidades de traballo e educación social (UTES).

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- De conformidade co previsto no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os interesados no procedemento administrativo teñen dereito a:

a) A non presentar en ningún caso fotocopia do DNI.

b) A non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa se atopen en poder das Administracións Públicas ou que fosen elaborados por estas.

c) A obter nas dependencias da Xunta de Galicia toda a información relativa ao pago de tributos.

d) A non presentar en ningún caso fotocopia da inscrición no Padrón Municipal.



2.- De acordo co establecido no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas:

- a) De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.
- b) De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, só cando a lesión sexa consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.
- c) De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, exceptuándose unicamente os casos de forza maior.
- d) De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do mal funcionamento dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior.

3.- De acordo co establecido no artigo 2.2 c) da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais:

- a) Esta lei orgánica é de total aplicación aos tratamentos de datos das persoas falecidas.
- b) Esta lei orgánica será de aplicación ás persoas físicas e xurídicas legalmente constituídas.
- c) Esta lei orgánica será de aplicación aos tratamentos de datos sometidos á normativa de protección ao paciente.
- d) Esta lei orgánica non será de aplicación aos tratamentos sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas.

4.- Segundo o establecido no Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, en relación co ámbito competencial da prestación dos servizos de atención temperá, correspóndelle á consellería competente en materia de servizos sociais:

- a) O apoio á familia nas eventuais transicións dende o hospital ao domicilio familiar ou lugar de residencia habitual.
- b) A atención das necesidades específicas de apoio educativo.
- c) O asesoramento á familia durante o segundo ciclo de infantil e na transición á educación primaria.
- d) A prestación dos servizos de atención temperá no ámbito comunitario mediante os centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá.

5.- Indique cal é a resposta correcta de acordo co establecido no artigo 5.2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais respecto ao deber de confidencialidade dos responsables e encargados do tratamento de datos: ????

- a) Esta obriga xeral será complementaria dos deberes de segredo profesional.
- b) Esta obriga xeral será suplementaria dos deberes de segredo profesional.



c) O deber de confidencialidade é incompatible cos deberes de segredo profesional que se rexen pola súa normativa específica.

d) O deber de confidencialidade extínguese cando finalice a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento dos datos.



